



NON ÁS DROGAS

O pasado 6 de marzo realizouse no IES de Melide unha entretida actividade coa que tamén aprendemos as consecuencias de tomar drogas. Dita actividade foi preparada polo profesor de relixión, Manolo, e polos alumnos de 1º BAC. O profesor propúxo a despois de que nos negaran o permiso para ir visitar o cárcere de Teixeiro. El díxonos como sería elaborada e o que teríamos que facer nós. A todos nos gustou e colaboramos facendo un informe cun total de cincuenta e dúas preguntas.

A actividade foi levada a cabo na aula de 1º de BAC-C, onde fixemos tres grupos, xa que virían tres presidiarios que estaban no cárcere por cuestión de drogas, estes viñan acompañados

de persoal do cárcere que lles axudaban a superar a adicción. Nun principio a visita ía ser de catro presidiarios, pero un deles morrera de sobredose unhas semanas antes.

O que lle tocou no noso grupo chamábase Adolfo, tiña 35 anos, levaba 13 no cárcere e faltábanlle 7 para saír. Os tres que viñeron estaban no cárcere de Monterroso, pero Adolfo e mais outro eran de Valencia e o terceiro, de Sevilla. Adolfo contounos o seu caso e dicíanos que debía esperar 6 meses, é dicir, ata setembro para que lle desen o terceiro grado (só tería que ir durmir ao cárcere), ademais levaba tres anos sen probar a droga.

A entrevista que lle fixemos foi a seguinte (preguntabamos todos e contestaba Adolfo ou o seu acompañante):

P: Cal foi a causa do teu ingreso no cárcere?

R: As drogas

P: Tedes actividades extracarcerarias?

R: Si

P: Como é un día normal no cárcere?

R: No meu caso levántome ás 7 e traballo de 8 a 14:30. As fins de semana non traballamos.

P: Traballades todos?

R: (sorri) Non, xa quixeran...

P: Páganche?

R: Si, non moito, pero si

P: Canto?

R: 208 •

P: En que traballas?

R: Son como o caixeiro do supermercado

P: Prodúcense pelexas entre vós?

R: Si, como en calquera parte

P: Para ver os vosos familiares, védelos a través dun cristal ou podedes estar con eles?

R: Das dúas maneiras, segundo o cárcere

P: Hai mulleres con vós?

R: Segundo o cárcere. En Valencia pódese convivir coas nosas mulleres, e incluso cos fillos menores de 3 anos. Ademais, estase a preparar unha lei para que os transexuais poidan elixir o cárcere segundo se sintan home o muller.

P: Utilizades uniformes?

R: Non, cada un viste como quere.

P: Cres que no tempo que levas no cárcere aprendiches algo?

R: si

P: Canto dura o voso tempo de ocio? a que o dedicades?

R: Das 14:30 en diante e as fins de semana. A escoitar música, ver a tele... igual que



NON ÁS DROGAS

calquera.

P: Nalgún momento dentro do cárcere hai discusións ou acoso entre os presos?

R: Iso pasa igual que fóra, pero nada do típico que se soe contar de que os presos se violan entre eles...

P: Hai tránsito de drogas dentro das instalacións?

R: Si, como en calquera parte, porque non se pode evitar a entrada. Soen entrar nos permisos.

P: Tedes algún tipo de terapia individual ou de grupo para superar a adicción?

R: Si (...)

P: Que é o que máis botas de menos de fóra?

R: O meu fillo de 16 anos

P: Por que aceptaches vir falar con nós?

R: Porque me é moi gratificante e non quero que se repita a historia con vós, xa que eu teño un fillo máis ou menos da vosa idade.

P: Tedes algunha forma de relacionarvos coa vosa relixión?

R: Si, claro, temos un lugar para cada tipo de relixión, como para nós a igrexa (cristiáns), e como curiosidade contareivos que se soe meter un musulmán na cociña para que controle a comida (para que non vaia carne de porco) e durante esa época que non poden comer, tamén o poden facer.

P: Que diferenzas hai entre primeiro e segundo grado?

R: Segundo grado sería como un grado neutro, como por exemplo cando entramos no cárcere, entramos con este grado. O primeiro grado sería ao que pasarían aqueles que necesitasen maior atención por calquera razón.

P: Que instalacións hai no centro?

R: Campo de fútbol, ximnasio, igrexa, zonas de traballo...

P: Como lle explicas esta situación ao teu fillo?

R: Igual que a vós

P: Que lle dirías a outra xente para que non caese no mesmo ca vós?

R: Que saiba dicir que non

P: Como facedes para recibir produtos de hixiene e lavado de roupa?

R: Dánnolos eles

P: Podedes estudar algunha carreira dentro do cárcere?

R: Si, hai moita xente que o fai totalmente gratis

P: Cal foi o motivo concreto da túa entrada no centro?

R: Atracar caixas de aforro

P: Podedes ter dentro do cárcere móbil, MP3...?

R: Móbil non, aparatos de música si, pero o MP3 non.

P: ¿Como é un día normal?

R: Eu levántome ás 7 e traballo ata as 2, despois podo facer o que queira

P: Como pasaches o 25 de decembro?

R: Moi mal, porque pensas máis na túa familia

P: É certo que entre vós hai líderes?

R: Si, e é o que hai que evitar para evitarse problemas

P: Podedes ter algún tipo de relación sexual?

R: O que teña parella si, é igual que fóra.

P: A que anos entraches no cárcere?

R: Aos 22 anos

P: Con cantos psicólogos contades no cárcere?





NON ÁS DROGAS

R: En Monterroso só un e seis educadores. Escasos

P: Como levan as vosas familias que esteades aí?

R: Mal, as familias sóense destruír

P: Que é o primeiro que che gustaría facer ao saír de aquí?

R: Traballar para ir para xunto o meu fillo, e dar charlas á xente da vosa idade para que non caian no mesmo ca min.

P: Dentro do cárcere pódense facer amigos de verdade?

R: Si, algúns fanse, máis con funcionarios que con reclusos, pero poucos

P: Que trato recibides dos funcionarios?

R: Depende tamén do trato que lles deamos nós a eles, pero bo en xeral

P: Botaches algunha vez de menos o non poder pasear por un parque?

R: Non, temos espazos verdes como un campo de fútbol

P: Se a vosa familia está fóra de Galicia, como vos comunicades con ela?

R: Podemos chamar por teléfono 5 veces por semana

P: Durmides en celas individuais ou colectivas?

R: Soen ser individuais, pero ao non haber sitio son colectivas. Cada cela ten a cama, un armario para a roupa e a tele, e un baño

P: Entre vós cal é o delito que máis desprezades?

R: A violación

P: Que viches facer para conseguir droga?

R: De todo, desde prostituír a filla a roubar aos pais

P: Como foron os teus primeiros contactos coas drogas?

R: Con 13 anos coas malas compañías o típico porro...

P: Podedes pedir traslado para outro cárcere para poder estar máis cerca das vosas familias?

R: Si, cada 6 meses revísase o grado e temos ademais desa opción a posibilidade de ir só durmir.

P: Como facías para conseguir a droga aos 13 anos?

R: Moi fácil, co típico amigo, que en realidade non o é, que di: "toma, que non che vai pasar nada". A primeira vez sentache mal, pero volves.

P: Se che senta mal, por que volves tomala?

R: Boa pregunta. É como o tabaco, a primeira vez sentache mal, pero repites igual. Ao principio dáche pracer e despois dor ata que te vai destruindo. Podes acabar en cadeira de rodas. A maioría queda sen dentes.

P: Con que se mesturan as drogas clásicas de hoxe en día?

R: Con esterlina (veneno para topos), veneno para ratas...

P: Tes medo de que se repita o mesmo co teu fillo?

R: Si, por iso falo moito con el

P: De canto tempo soen ser os permisos?

R: De 6 días

P: Que sentiches cando te separaron do teu fillo?

R: Todo o malo, incluso me intentei suicidar

P: Como chegaches a ese extremo?

R: Pensando que o meu fillo non merecía o que lle estaba facendo

P: O teu fillo está nalgún equipo de fútbol?

R: Nun equipo de Valencia, vai a karate... está estudando igual ca vós.

